

ESCALETA: PROGRAMA RADIO MENDE-MAGOSTO

- ¡Bo día a todas e todos!
- ¿Como estades?
- Nós estamos moi ben, aquí en Radio Mende.
- Pois eu agora mesmo, estou recordando o que fixen esta fin de semana porque fun apañar castañas coa miña avoa. Por certo, no souto, había moitas, todas elas distintas, unhas máis grandes e outras máis pequenas. O caso é que por moito que buscara polo souto adiante non había dúas iguais.
- Pois o souto é como a vida mesma, xa que, tampouco existen dúas persoas iguais, cada persoa é totalmente diferente e, para min iso si que é riqueza.
- Disto si que sabe miña avoa, da riqueza, xa que, ela sempre di que todas as persoas temos algo que ensinar, o caso é saber escoitar. Di tamén que cando nos deamos conta do importante que é poñer a orella, seremos máis felices, como castañas no souto.
- E que a miña avoa é unha fonte de saber. Estando apañando castañas empezou a contarme adiviñas ben fermosas. ¿Queredes escoitar algunhas?
- Pois claro que si. ¿A que esperas para contalas?
- Veña, iempezo logo!
- Alta estou, ladrón vexo vir. Do meu carapucho non podo fuxir.
- ¿Que será?
- Pois que vai ser, ia castaña!.
- Estupendo. Vou con outra...
- No aire se cría, no aire se ten, bota unha risada e perde o que ten.
- Esa é... io ourizo!
- ¡Claro que si, xenial!.
- Preparádevos que vai outra...
- Altos pais, peludas nais, fillos con peles, adiviña se queres.
- Mmmmmm, pois creo que é... io castiñeiro, os ourizos e a castaña!.
- Pois agora que xa escoitastes algunhas adiviñas, ibuscade no voso maxín e compartídeas cos demais!
- Xa sabedes que icompartir é vivir!.
- E con isto, despedímonos ata a próxima emisión.
- ¡Que teñades un bo magosto!